



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO. DE INSTRUCCIÓN N. 1 SANTIAGO DE COMPOSTELA

AUTO: 00060/2021

-

RUA VIENA S/N

Teléfono: 981540425/6/7 **Fax:** 981540428

Correo electrónico: instruccion1.santiago@xustiza.gal

Equipo/usuario: MG

Modelo: 7005L1

N.I.G.: 15078 43 2 2020 0004878

DPA DILIGENCIAS PREVIAS PROC. ABREVIADO 0001824 /2020-3

Delito/Delito Leve: PREVARICACIÓN ADMINISTRATIVA

Denunciante/Querellante: TOCA SALGADO S.L.

Procurador/a: D/D^a MARTA DELGADO FONTANS

Abogado/a: D/D^a

Contra: UXIA LEMUS DE LA IGLESIA, RAFAEL SIXTO EDREIRA , IGNACIO SOTO GONZALEZ

Procurador/a: D/D^a , PALOMA CAMBEIRO VAZQUEZ ,

Abogado/a: D/D^a , PEDRO TREPAT SILVA ,

AUTO

En Santiago de Compostela, a vinte e sete de xaneiro do dous mil vinte e un

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.-Pola Procuradora dona Marta Delgado Fontans, actuando no nome e representación da mercantil "TOCA SALGADO SL", mediante escrito repartido por quenda a este xulgado con data 2 de novembro do 2020, formulou querela contra don Rafael Sixto Edreira, dona Uxía Lemus de la Iglesia e don Ignacio Soto González, como presuntos autores dos delitos de coaccións, prevaricación, malversación de fondos públicos e falsidade documental.

SEGUNDO.-A requirimento deste Xulgado, o Ministerio fiscal emitiu relatorio en data 26 de novembro do 2020 sobre a posíbel relevancia penal dos feitos obxecto de querela. A



parte querelante presentou escrito aclaratorio o 4 de decembro do 2020.

TERCEIRO.- Por auto de 9 de decembro do 2020 acordouse admitir a trámite a querela presentada.

CUARTO.-No presente procedemento practicáronse as dilixencias de instrución que se consideraron necesarias para o esclarecemento dos feitos denunciados e dos seus presuntos autores. A última de ditas dilixencias consistiu na recepción, en data 12 de xaneiro do 2021, do relatorio elaborado pola xefatura da Policía local de Teo a petición deste xulgado.

QUINTO.-Mediante providencia de 14 de xaneiro deste ano acordouse dar traslado do resultado das dilixencias practicadas ás partes comparecidas co fin de que efectuasen as alegacións que considerasen pertinentes.

SEXTO.-A representación procesual de don Rafael Sisto Edreira presentou escrito en data 19 de xaneiro solicitando o sobresemento das actuacións. A Procuradora da mercantil "TOCA SALGADO S.L." presentou escrito o día 26 deste mes solicitando a práctica de novas dilixencias de instrución.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Antes de entrar no fondo do asunto, imos dar resposta ao escrito presentado pola Procuradora da mercantil "TOCA SALGADO S.L." o día 26 deste mes, no que solicita a práctica de novas dilixencias de instrución. Non imos acordar a práctica de ditas dilixencias por canto esta maxistrada considera que co resultado das xa acordadas podemos adoptar unha decisión sólida e fundada sobre o fondo do asunto. As dilixencias solicitadas nada engaden ao criterio xa formado por esta maxistrada sobre a irrelevancia penal do obxecto do presente procedemento, tal e como pasamos a argumentar nos seguintes razoamentos xurídicos.



SEGUNDO.-O cerne da imputación recollida no escrito de querela pode resumirse do xeito seguinte.

-Os querelados terían cometido unha falsidade documental ao atribuírse, a sabendas, a propiedade dun suposto camiño que en realidade é unha finca privada, sen que o Concello teña sobre ela título que o ampare.

-Terían tamén colocado arbitrariamente, sen fundamento nen expediente administrativo que o sustente, sinais de tráfico nunha finca privada para impedir o tránsito da maquinaria da explotación mineira adquirida en poxa xudicial pola querelante, a empresa "TOCA SALGADO SL", na canteira Casalonga.

-O investimento de diñeiro e fondos públicos na devandita finca privada.

-O acoso e impartición de ordes á policía municipal para que, fora das súas competencias e do seu ámbito de actuación, multen a calquera vehículo da explotación mineira.

-Impedir pola forza que dentro de dita finca o querelante instale unha porta.

SEGUNDO.- Tal e como se infire da lectura do escrito de querela, e se evidencia claramente na síntese de feitos cualificados como delitivos pola querelante recollidos no razoamento xurídico anterior, o cerne de todo o procedemento xira en torno á titularidade dunha vía, denominada pista da canteira, antiga estrada EP-0205. Dado que a querelante sostén con rotundidade que se trata dunha pista de propiedade privada pois discorre entre as parcelas da súa propiedade, todas as actuacións executadas ou ordenadas polos querelados respecto da mesma en exercicio das súas respectivas funcións, don Rafael Sisto Edreira como Alcalde do Concello de Teo, dona



Uxía Lemus de la Iglesia como concelleira de Urbanismo e Seguridade cidadá, e don Ignacio Soto González como arquitecto municipal, serían constitutivas dos delitos expresados.

Porén tras o estudo dos expedientes administrativos e documentación recadados por este xulgado, comprobamos que o Concello de Teo discrepa aberta e fundadamente de tese da querelante. Así se comproba co estudo do oficio e documentos recibidos neste xulgado en data 11 de xaneiro deste ano (folios 149 a 420 das actuacións), no que se informa que a pista canteira-antiga estrada EP-0205, no seu vello trazado, é un viario municipal, conforme á Concentración parcelaria de San Xoán de Calo. Como xustificación do anterior achégase a acta de recepción dos camiños de uso público e planos de situación dos camiños afectados de data 14 de maio do 2018, da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias da Xunta de Galicia.

Segundo o anterior, estaríamos ante un ben de uso público local cuxa conservación e policía sería competencia da entidade local, de conformidade co disposto no artigo 3 do Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades locais.

Engádese que dita pista discorre entre as parcelas 825-1040 e 1041 do plano de concentración parcelaria de Teo, e é identificada no catastro coa referencia catastral 15083A514090800000Q, como vía de comunicación de dominio público. Como proba do anterior achégase certificación catastral e gráfica de data 2 de decembro do 2020.

Conforme ao anterior, estarían xustificados os investimentos efectuados no referido viario, que terían a finalidade do seu mantemento e sinalización, pois se trata dunha obrigaón derivada do artigo 68 da Lei 12/2001.



Co fin de dar cumprimento á devandita obrigación, o 12 de xaneiro do 2016 efectuouse un requirimento á daquela empresa propietaria da canteira, "Camilo Carballal SL", para que retirase as barreiras físicas que tiña colocadas e que impedían o paso polo camiño público. Tras retirarse as devanditas barreiras e comprobarse o pésimo estado de conservación do camiño, o Alcalde requiriu ao arquitecto técnico e agora querelado, don Ignacio Soto González, que emitise un relatorio técnico sobre a conservación do viario, informe emitido o 14 de xaneiro do 2019. No mesmo expone que o estado da vía supón un perigo para o tráfico rodado, recomendando a restrición do tráfico ou da velocidade máxima permitida no mesmo mentras non se executen as obras de mellora pertinentes.

Á vista do anterior, o Concello de Teo formalizou un contrato para o asfaltado de 7.000 metros cadrados do viario municipal, por un importe de 17.968,14 euros, executado en setembro do 2019.

Nos meses de novembro-décembro do 2020, instalouse unha barreira simple recta(bionda)no inicio do viario por razóns de seguridade viaria, obra que contou coa autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña de data 22/07/2020.

O antes exposto foi debidamente xustificado cos documentos unidos ao escrito remitido polo Concello de Teo. Así consta unido o orzamento para a obra de asfaltado da pista canteiras de Casalonga e a factura e transferencia bancaria do abono da obra.

Figura tamén a proposta de execución de obras sobre a zona de servidume e afección da estrada DP-0205, elaborada polo arquitecto técnico do Concello de Teo don Javier Castro



Martínez, no que se propón o perfilado e profundado da cuneta e a instalación de varios treitos de barreira de seguridade.

Dado que tal e como vimos expoñendo, o cerne do conflito existente entre a parte querelante e o Concello de Teo é a catalogación do viario controvertido como ben municipal ou propiedade privada da empresa "Toca Salgado SL", esta última levou a cabo distintas actuacións sobre o viario amparándose no seu suposto dereito de dominio sobre a pista.

Así intentou proceder ao peche da pista, e dita actuación foi respostada polo Concello de Teo mediante Resolución de data 19/10/2020 da Concelleira Delegada de Urbanismo, a querelada dona Uxía Lemus de la Iglesia, na que dispón a inmediata paralización das obras de construción dun cerramento que cruza a estrada Casalonga-A Ramallosa s/n Casalonga que estaba levando a cabo a empresa "Toca Salgado SL".

Tamén reconece o Concello ter dado ordes para a colocación de sinais limitativos de peso no viario controvertido, os cales foron instalados en febreiro do 2019 e xaneiro do 2020 por orde verbal da querelada dona Uxía, alegando a necesidade de mellorar a seguridade viaria.

En relación coas ordes e instrucións impartidas á Policía local sobre o tráfico e tránsito do viario ao seu paso pola canteira de Casalonga, figuran unidos a autos os relatorios emitidos, as actuacións e denuncias realizadas e as sancións impostas pola Policía local de Teo. Dita documentación atópase en parte unida como anexo ao informe elaborado polo Alcalde do Concello de Teo recibido neste xulgado o 11/01/2021, e outra parte como anexo ao relatorio confeccionado pola Xefatura da Policía Local de Teo, recibido neste xulgado o 12/01/2021 (folios 422 a 450 das actuacións).



O estudo dos documentos expresados pon de manifesto que todas as actuacións da Policía local, tanto as realizadas por iniciativa propia como as auspiciadas por particulares e pola Concelleira de Seguridade ou pola Alcaldía, se atopan fundadas na consideración do viario controvertido como de titularidade municipal, e traen causa dos supostos incumprimentos dos sinais de limitación de peso e tránsito aos que vimos facendo referencia.

Queremos facer fincapé en que o exposto até este intre pon de manifesto que todo o contido da querela se basea nun presuposto que é o carácter privado do viario denominado pista da canteira, porén se trata dun aserto que non podemos compartir por canto se trata dunha cuestión controvertida.

De facto, o propio Alcalde de Teo no seu informe xa mencionado alude a que dito viario é actualmente obxecto dun expediente expropiatorio, iniciado por Acordo da Xefatura Territorial da Coruña a raíz da solicitude promovida pola empresa "Toca Salgado SL", a cal solicita que sexa expropiado un ben que identifica como "finca sita no lugar de Canteira, descrita como "Franxa comprendida entre os puntos quilométricos 6+400 e 7+600 da EP 0205 de Bertamiráns a Ramallosa que foi desafectada e permutada pola Deputación provincial da Coruña á mercantil Camilo Carballal SL por acordo plenario do 30 de marzo do 2006."

En dito procedemento o Concello de Teo formulou alegacións en data 18 de decembro do 2020, defendendo a natureza do ben como de dominio público municipal.

Do anterior infírese que a titularidade do ben non é unha cuestión pacífica, e a mesma debería solventarse na xurisdición competente, que obviamente non é a penal.



Mientras o anterior non aconteza, non apreciamos actuación delitiva nos querelados que actuaron sempre coa convicción da titularidade municipal do viario controvertido. Debe subliñarse que o convencemento de que a pista non é de dominio privado ten base xurídica e fáctica, non respondendo por tanto a unha postura infundada e arbitraria por parte daqueles.

Baixo a anterior premisa, todas as actuacións consideradas como delitivas pola querelante teñen fundamento en expedientes administrativos e decisións amparados en lexislación e normativa que atribúe competencias ás entidades locais en relación cos viarios de titularidade municipal. Por tanto, nengunha de ditas decisións poden ser consideradas como un delito de prevaricación ou de falsidade documental.

Por idéntico motivo, non pode apreciarse a existencia dun delito de coaccións ou dun delito do artigo 542 CP por ordenar vixiar e sancionar o incumprimento dos sinais instalados na pista de Casalonga. Tampouco pode considerarse constitutivo dun delito de malversación a aplicación de fondos municipais á mellora e sinalización do viario.

Por todo o exposto, e ao abeiro dos artigos 779.1 e 641.1 LACR, consideramos procedente acordar o sobresemento provisorio das actuacións.

DISPOÑO

Acórdase o sobresemento provisorio e arquivo da presente causa.

Notifíquese esta resolución ás partes comparecidas e ao Ministerio Fiscal facéndolles saber que contra a mesma cabe interpoñer recurso de reforma dentro dos tres días seguintes á súa notificación, e/ou recurso de apelación dentro dos cinco días seguintes á súa notificación.



Así o acorda, manda e asina DONA ANA LÓPEZ-SUEVOS FRAGUELA,
MAXISTRADA do Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de
Compostela e do seu partido. Dou fe.



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

